

PLAN DE ACOLLIDA

do

CEIP SAN XOSÉ OBREIRO A SITUACIÓN DA COVID-19



CONTIDO

PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 2020/2021.....	3
A) NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.....	3
A.1. ACCESO AO CENTRO DAS FAMILIAS.....	3
A.2. ACCESO AO CENTRO DO ALUMNADO	4
A.3. SAÍDA DO CENTRO DO ALUMNADO	6
A.4. MATERIAL QUE DEBE APORTAR A FAMILIA PARA AXUDAR A EVITAR CONTAXIOS POLA COVID-19	6
B) ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN	7
C) ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.....	9
D) ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.	10
ANEXO I. Traxectos de entrada ao Centro.	12



PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 2020/2021

A Dirección do CEIP SAN XOSÉ OBREIRO informa das condicións de acceso ao Centro e das medidas preventivas que se van a establecer durante o curso 2020/2021 para evitar o contaxio do alumnado e do persoal docente e non docente do Centro, contra a Covid-19.

Este documento está elaborado en base ás Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria.

A) NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

A situación xerada pola Covid-19 modifica as condicións de acceso ao Centro. As condicións indícanse neste epígrafe.

A.1. ACCESO AO CENTRO DAS FAMILIAS

Por regra xeral, non se permitirá o acceso ao Centro das familias do alumnado agás do alumnado de Educación Infantil. No caso de que fora necesario entrar no Centro, deberase cumprir as seguintes normas:

1. Toda persoa que acceda ao Centro farao con unha máscara que lle cubrirá a nariz e a boca.
2. Durante todo o tempo que estea no Centro manterá unha distancia de seguridade, superior a 1,5 m. con outras persoas que non sexan da súa familia.
3. Se alguén necesita falar con algún membro do profesorado ou a Dirección do Centro solicitará cita por vía telefónica. A reunión farase preferentemente por esa vía, a menos que se acorde outro xeito. Nese caso, atenderanse as recomendacións das Autoridades Sanitarias.
4. Aquelas familias que desexen falar entre elas, deberán facelo fora das instalacións do Centro, sen obstaculizar a entrada ou saída do alumnado e do persoal docente e non docente do Centro.



A.2. ACCESO AO CENTRO DO ALUMNADO

O acceso do alumnado e das familias que o acompañan, cando proceda, será o indicado no Anexo I, ao final deste Plan de Acollida. As normas de acceso son as seguintes en función do tipo de alumnado:

ALUMNADO DE INFANTIL

1. O alumnado de infantil poderá entrar ao Centro acompañado dun familiar (só 1 familiar). Dito familiar entrará ata a porta correspondente, onde o profesor/ra farase cargo do alumnado.
2. Na entrada do edificio hai un xel hidroalcohólico que, obrigatoriamente, todas as persoas que entren deberán utilizar para desinfectar as súas mans.
3. O tempo de estancia no Centro será o imprescindible para deixar o alumnado na aula.
4. Durante todo o tempo de permanecía no Centro, manterase unha distancia de 1,5 metros con respecto a outras persoas e utilizarase a máscara de protección.

ALUMNADO DE PRIMARIA

Non se permite o acceso das familias co alumnado de Educación Primaria.

1. As familias quedarán fora das instalacións e o alumnado accederá pola porta correspondente e irá directamente a súa aula.
2. O alumnado entrará nas instalacións coa máscara protexéndolle a nariz e a boca, deixando 1,5 metros de distancia coas demais persoas que se atopen no Centro ou cos compañeiros/as nas entradas e saídas.
3. Cando entre na aula, o alumnado lavarase as mans co xel hidroalcohólico que está colocado na porta de acceso a aula.
4. O entrar na aula, irá directamente a sentarse no pupitre que tiña asignado, sempre o mesmo agás indicación expresa do titor ou titora.

HORARIOS DE FORMACIÓN

ENTRADA DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

- 1º.- O alumnado dos cursos de 5º e 6º entrarán de 8:55 a 9:05 h. pola porta lateral do Pavillón Deportivo que da ao parque e accederán ás aulas directamente polas escaleiras exteriores da súa dereita.



2º.- O alumnado dos cursos de 1º e 2º entrarán de 9:05 a 9:15 h. pola porta lateral do Pavillón Deportivo que da ao parque e accederán polas escaleiras exteriores da súa dereita ata chegar as súas respectivas aulas.

3º.- O alumnado dos cursos 3º e 4º entrarán de 8:55 a 9:05 h. pola porta principal e accederán polas escaleiras da súa esquerda ata chegar as súas respectivas aulas

ENTRADA DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL:

Entrará de 9:05 a 9:15 h pola porta principal e poden vir acompañados dun único familiar que o levará xusto ata a porta esquerda, antes de entrar no vestíbulo. Na porta, o familiar deixará o fillo ou filla que irá cara a súa aula.

ENTRADA DO ALUMNADO DE QUE VEN EN AUTOBÚS:

Farao de xeito habitual coa entrada ás 8:50 polo Pavillón Deportivo. Accederá as aulas accedendo ao edificio pola porta principal e as escaleiras centrais.

A saída realizarase pola porta principal as 13:55 h. e sairá pola porta lateral do Pavillón que está fronte a escaleira dereita.

SAÍDA DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

1º.- O alumnado dos cursos de 5º e 6º sairá pola mesma escaleira e porta as 14:00 h..

2º.- O alumnado dos cursos de 1º e 2º sairá polas mesmas escaleiras e porta ás 13:55 h.

3º.- O alumnado dos cursos 3º e 4º sairá polas mesmas escaleiras e porta as 14:00 h.

SAÍDA DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL:

Saen as 13:45 h. utilizando a mesma porta que empregaron a entrada.

ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS ESPECIAIS

O acceso do alumnado con necesidades específicas especiais rexerese da mesma forma que a entrada do alumnado de Educación Infantil, se se considera necesario. Calquera modificación desta norma indicarse as familias correspondentes



A.3. SAÍDA DO CENTRO DO ALUMNADO

A saída do alumnado farase seguindo o traxecto inverso e utilizando as portas e escaleiras que se utilizou para a entrada. Durante a saída, terá posta a máscara de protección e manterá unha distancia superior a 1,5 metros entre os seus compañeiros e compañeiras.

A.4. MATERIAL QUE DEBE APORTAR A FAMILIA PARA AXUDAR A EVITAR CONTAXIOS POLA COVID-19

1. Dúas máscaras de protección hixiénicas e homologadas con unha bolsa ou estoxo para gardala. Deberá de vir con dúas máscaras: a que trae posta e outra de reposto que virá gardada nunha bolsa plástica. No caso de necesitar a máscara de reposto, o/a alumno/a gardará a máscara que se vai a retirar na bolsa onde trae a máscara que a substitúe.
2. Carteira con peche de cremalleira, onde poda traer o seu material. Todo alumno coñecerá cales son as clases que vai ter cada día, polo que debe vir soo co material necesario.
3. Establecerase un programa de formación semanal, de forma que permita que o alumnado e o profesorado acceda a aula só co material necesario para as actividades formativas que se van a realizar cada día.
4. O material que poida ser empregado polo grupo, gardarase en caixas. Antes de gardalo ha de estar desinfectado.



B) ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

As seguintes normas de prevención, hixiene e protección son de obrigado cumprimento para toda persoa que estea no CEIP SAN XOSÉ OBREIRO

EN MATERIA DE PREVENCIÓN:

No CEIP SAN XOSÉ OBREIRO deberase:

- ✓ Para evitar aglomeracións. Deste xeito deberase:
 - Manter libres as entradas e saídas do alumnado.
 - As rutas que debe seguir o alumnado deberán estar libres para que poda acceder a súa aula.
 - Estableceranse quendas de recreo.
 - Os patios estarán divididos por niveis educativos e por zonas de recreo.
 - Os accesos aos aseos estarán regulados conforme o indique as autoridades sanitarias.
- ✓ Para manter a distancia social:
 - As mesas das aulas estarán distribuídas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
 - Deberán evitarse situacións de contacto físico.
- ✓ Responsabilidade individual:
 - O profesorado comprométese a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
 - As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

EN MATERIA DE HIXIENE:

Para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- ✓ Hixiene xeral do centro:
 - Reforzarase o servizo de limpeza.
 - Efectuarase desinfeccións dos aseos.
 - Farase limpeza de aulas e espazos comúns.



- Vaise establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Efectuarase a desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.
- ✓ Hixiene persoal:
 - Faranse 5 limpezas e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de xel hidroalcohólico nas aulas e xabón líquido nos aseos.
 - Priorizarase a adquisición de hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
 - Ensinarase a manipular correctamente as máscaras.
- ✓ Rutinas de responsabilidade individual:
 - Para que os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso.
 - Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc.
 - Facilitar o labor do persoal de limpeza.
- ✓ Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:
 - Xel hidroalcohólico en todas as aulas e espazos comúns
 - Xabón: nos aseos e botiquín.
 - Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
 - Solución desinfectante nas aulas

EN MATERIA DE PROTECCIÓN:

- ✓ Uso de máscara:
 - Uso obrigatorio para todo o profesorado.
 - Uso obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.
 - Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas.
- ✓ Pantallas:

Para aquelas actividades lectivas que sexa necesario.
- ✓ Mamparas:
 - Para a realización de trámites administrativos no Centro, a comunicación entre as familias e o persoal do Centro farase tendo por medio unha xanela seme-aberta para facilitar a comunicación entre as familias e o noso persoal.



C) ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- Acceso á aula virtual (de infantil a 4º de primaria) e a EVA – Edixgal (5º de primaria).
- Acceso aos diferentes cursos / áreas nos que estea matriculado/a (infantil a 5º)
- Envío de tarefas a través da aula virtual (infantil a 4º) e da plataforma EVA (5º)
- Xestión da súa conta de correo electrónico e funcionalidades básicas da conta -nube, vídeo, documentos- (de 3º a 5º de primaria).
- Consulta de cualificacións e comentarios.
- Envío de mensaxes por vía interna da aula virtual e de EVA.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación Abalarmóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.
- Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: ceip.sanxose.obreiro@edu.xunta.gal
- Teléfono: comunicación directa e inmediata, existen dúas liñas, o 881 880 216, para temas concretos podemos potenciar o emprego dunha delas para non saturar a outra liña e deixala baleira para consultas de carácter xeral.

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TICs.

D) ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.

- Realizaranse reunións presenciais en pequenos grupos coas familias os días 7 e 8 de Setembro.
- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiálo e coidala emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.
- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria



e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.

Dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica tratarase de facer propostas concretas e de complementar este apartado unha vez que se reúna no mes de setembro.



ANEXO I. Traxectos de entrada ao Centro.




Figura 3: ESBOZO DOS ACCESOS E SAÍDAS